



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA DE 31 DE MAIO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara, en concreto, e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de estabilización de noiros na estrada PO-400.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se crean centros públicos de educación e promoción de adultos con sede nos centros penitenciarios de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto sobre a distribución de competencias na aplicación e control da condicionalidade en relación co desenvolvemento rural e as axudas directas de política agraria común.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Decreto de modificación do decreto polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Orde pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de educadores-bolseiros para o centro de asistencia e educación especial Santiago Apóstolo da Coruña.



- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10 por cento da subvención no momento da concesión na Orde pola que se convocan axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Vila de Cruces para a finalización das obras de construción e equipamento da escola infantil 0-3 integrada na Rede galega de escolas infantís 0-3 (Galescola)
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual na Orde pola que se regulan as axudas económicas para atención da primeira infancia a través do cheque infantil en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos e se procede á súa convocatoria.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento de actuacións no marco dos plans integrais de apoio á familia e do plan de igualdade de oportunidades.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Arzúa para realizar as obras de reurbanización da rúa das Dores, da rúa Calexa e da rúa do Convento.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Guitiriz para a realización da seguinte obra en materia de urbanismo: intervención urbanística no Curro Vello.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Entrimo para realizar as obras na intervención na Alameda-Campo da Feira.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun contrato de subministración de ordenadores persoais e monitores TFT/LCD para os centros de ensinanza non universitaria, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia, para o seguimento da extensión da banda larga na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Vigo co obxecto de realizar un estudo sobre os custos non asegurados dos accidentes de traballo na minaría galega.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña para a realización do programa de investigación histórica sobre a represión en Galicia As vítimas, os nomes, as voces e os lugares
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de San Amaro (Ourense) para a cesión e libre dispoñibilidade de terreos para a posta en valor do conxunto arqueolóxico e a construción do Centro de Interpretación da Cultura Castrexa no xacigo arqueolóxico de San Cibrao de Las.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a organización non governamental Alecrín, para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa prevención do VIH/SIDA e outras enfermidades de transmisión sexual, a tuberculose e outras enfermidades transmisibles en mulleres dedicadas á prostitución.



- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a organización non governamental Cruz Vermella Galicia para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa prevención do VIH/SIDA doutras infeccións de transmisión sexual e da tuberculose nas persoas usuarias dos programas destas entidades.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a organización non governamental Médicos do Mundo, para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa prevención do VIH/SIDA, doutras infeccións de transmisión sexual e da tuberculose.
- Acordo polo que se autoriza subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a organización non governamental Ecos do Sur para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa prevención e control de enfermidades transmisibles.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e Fundación pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) para a docencia, a formación e a investigación en administración e xestión sanitaria, sociosanitaria e saúde pública e asistencia sanitaria para o ano 2007

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Pontevedra, polo que a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos asume a xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais dos Praceres, Pontevedra (Pontevedra), clave OH.336.744/XSP, por importe de seis millóns setecentos cincuenta e catro mil trescentos cincuenta e sete euros con nove céntimos (6.754.357,09 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Allariz para a execución da obra de actuacións de saneamento nas bacías intercomunitarias. Saneamento en varios núcleos do concello de Allariz (Ourense) por importe de 465.523,87 euros

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Cerdedo para a execución das obras de mellora e urbanización da rúa das Longas no núcleo urbano de Cerdedo (Pontevedra)



- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial e o correspondente proxecto de urbanización do parque empresarial de Malpica (A Coruña)

INFORMES

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra consistente na consolidación parcial de muros e bóveda do edificio anexo ao mosteiro de San Clodio no concello de Leiro, Ourense, por unha contía de 151.151,43 euros



INÍCIANSE OS TRÁMITES PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DA ESTRADA PO-400 ENTRE CRECENTE E FILGUEIRA, QUE TERÁN UN ORZAMENTO DE 1,4 MILLÓNS DE EUROS

O Consello da Xunta declarou hoxe a utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de estabilización de noiros da estrada PO-400 entre Crecente e Filgueira.

Esta actuación conta cun orzamento total de 1,41 millóns de euros, dos cales 14.440 se destinan ao pagamento das expropiacións dos 11 predios afectados polo proxecto.

Os traballos que se van realizar consisten na reposición do material arrastrado polos efectos das choivas do outono pasado, que provocaron desprendementos nos terrapléns. As obras teñen como obxectivo a estabilización de noiros en catro puntos da estrada Crecente-Filgueira.



AS INSTITUCIÓNS PENITENCIARIAS DA COMUNIDADE GALEGA CONTARÁN CON CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS

- Establecerase nestes centros un plan de formación para que os internos poidan cursar ensinanzas básicas equivalentes ás obrigatorias e postobligatorias
- Ademais, fomentarse a adquisición das competencias requiridas polo mercado de traballo e facilitarase a inmersión social unha vez rematada a rehabilitación
- Con este decreto regúlase a situación das escolas de prisións para promover os procesos de formación ao longo da vida dos internos nestas instalacións
- Contarán con profesorado que imparta docencia en horario de mañá e tarde nas mesmas condicións que o resto dos centros públicos da comunidade

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se crean centros públicos de educación e promoción de adultos con sede nas penitenciarías de Galicia, que pasan a na rede pública de centros e sometidos á vixencia do convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Interior para o desenvolvemento de programas de formación da poboación reclusa nos centros de educación de persoas adultas situados en cada unha das penitenciarías galegas. Deste xeito, créanse os centros públicos de educación e promoción de adultos de Teixeira, no concello de Curtis; de Bonxe, en Outeiro de Rei; de Monterroso; de Pereiro de Aguiar; e da Lama; sen que isto supoña gastos de equipamento ou persoal adicionais. Os seus gastos de funcionamento son asumidos pola Administración penitenciaria.

En virtude deste decreto, intégranse nestes centros as mestras e mestres con destino nas unidades educativas dos respectivos centros penitenciarios que foron asumidos pola Comunidade Autónoma de Galicia e asignados á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria mediante o Decreto 322/1999, do 16 de decembro, de asunción da ampliación de medios da Administración do Estado. Así, a Administración educativa galega determinará os cadros de persoal docente para cada un dos centros públicos creados neste decreto.

Un dos obxectivos prioritarios da Consellería de Educación é a potenciación de ensinanzas para colectivos desfavorecidos, con necesidades educativas específicas, ou sen alcanzar unha titulación básica. Ata agora, funcionaban as unidades educativas de prisións, que teñen consolidado un incremento significativo de alumnado, tanto nacional como procedente de países estranxeiros. Con este decreto, regúlase a situación das escolas de prisións para promover os procesos de formación ao longo da vida dos internos nestes establecementos. Deste xeito, os centros de educación e promoción de adultos nas institucións penitenciarias



contarán con profesorado que imparta docencia en horarios de mañá e tarde nas mesmas condicións que no resto dos centros públicos da comunidade.

Mellorar a cualificación profesional

Ábrese deste xeito unha nova fase de traballo para facilitar a aprendizaxe dentro das institucións penitenciarias, facendo realidade a formación de persoas adultas integrada no seu contorno. Este ámbito formativo será de utilidade para resolver os problemas de socialización dos internos e alcanzar pola súa vez as competencias requiridas para o mercado de traballo e facilitar a inmersión social unha vez rematada a súa rehabilitación.

A creación destes centros persegue os seguintes obxectivos: que as institucións penitenciarias e os centros de adultos nesas institucións, nos seus respectivos ámbitos e competencias, colaboren activamente para a consecución dos obxectivos marcados en cada institución; establecer un plan de formación que lles permita aos internos cursar ensinanzas básicas equivalentes ás obrigatorias e postobligatorias e promover a orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Administración educativa autonómica para a realización da súa función docente en centros singulares.

Ademais, os centros de educación de persoas adultas dos centros penitenciarios pretenden que toda a poboación destas institucións que estea sen titulación básica teña a oportunidade de obter o título de graduado en educación secundaria, no seu ámbito de relación, así como mellorar a cualificación profesional ou proseguir estudos, a aquelas persoas que non teñen unha titulación básica e que non a poderían realizar fóra do seu ámbito.



APROBADO O DECRETO DE CONTROL DE DISTRIBUCIÓN DAS AXUDAS DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN E AO DESENVOLVEMENTO RURAL

- Esta normativa designa os órganos que garantirán o cumprimento da normativa existente nos distintos ámbitos de competencias e contribuir a que o sector agrario aplique os principios do desenvolvemento sustentable
- Medio Rural remitiralles ao FOGGA (Fondo Galego de Garantía Agraria) e aos organismos encargados de autorizar as axudas os informes específicos de control resultantes das inspeccións de condicionalidade (é dicir das condicións agrarias e ambientais) que se realicen

A Consellería do Medio Rural elaborou un decreto, aprobado polo Consello da Xunta, destinado a coordinar e a xestionar os órganos especializados para desenvolver as actividades de control do cumprimento das boas condicións agrarias e ambientais, no marco das axudas directas da Política Agraria Común e das axudas ao desenvolvemento rural. Esta normativa designa os órganos que garantirán o cumprimento da normativa existente nos distintos ámbitos de competencias e contribuir a que o sector agrario aplique os principios do desenvolvemento sustentable.

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, será o órgano especializado de control para o cumprimento das obrigas da condicionalidade derivadas dos requisitos legais de xestión. Así, seleccionará as explotacións agrarias para efectuar os controis necesarios, proporalle ao FOGGA a relación de elementos mínimos que hai que analizar e realizará os labores de divulgación e de información ás explotacións agrarias, para achegarlles información específica sobre os aspectos da condicionalidade. Ademais, remitiralles ao FOGGA e aos organismos encargados de autorizar as axudas os informes específicos de control resultantes das inspeccións de condicionalidade realizadas, para que a partir destes calculen e apliquen respectivamente as reducións das axudas directas da PAC que lles correspondan.

Entre as funcións que lle corresponden ao FOGGA en relación coa condicionalidade, como órgano especializado de control para o cumprimento das boas condicións agrarias e ambientais, figuran a selección das explotacións agrarias obxecto de control e a realización dos controis necesarios e mais a aplicación das reducións ou as exclusións dos importes totais dos pagamentos das axudas directas aos agricultores e gandeiros, a partir do indicado nos informes de control específicos propios e dos remitidos por cada órgano especializado. Tamén será o encargado de remitirles aos organismos competentes no pagamento das axudas os informes específicos de control resultantes das inspeccións de condicionalidade realizadas e de colaborar na realización dos labores de divulgación e de información ás



explotacións agrarias, para lle achegar información específica sobre os aspectos relacionados coas boas condicións agrarias e ambientais. Ademais, establecerá, con carácter anual, o plan de control de condicionalidade para a Comunidade Autónoma de Galicia no marco do plan anual de controis elaborado polo FEGA (Fondo Español de Garantía Agraria).

O FOGGA e as consellerías competentes en materia de agricultura e de medio ambiente poderán establecer os mecanismos de cooperación oportunos, co fin de propor para cada requisito, norma ou ámbito de aplicación da condicionalidade os elementos mínimos que hai que controlar para xustificar o seu cumprimento, así como os criterios para a valoración da gravidade, o alcance e a persistencia dos incumprimentos. Do mesmo xeito, poderán propor anualmente a revisión destes elementos e criterios.

Crearase unha Comisión de Seguimento da Condicionalidade, que ten atribuídas as funcións de coordinación, seguimento e avaliación das actuacións de control previstas neste decreto, adscrita ao FOGGA, e será presidida polo seu director ou persoa en quen delegue. Estará composta ademais por seis representantes, tres da Consellería do Medio Rural e tres do FOGGA.



A XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO QUE MODIFICA A NORMATIVA QUE REGULA OS PERMEX

- A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos acordou suprimir a alínea b) do artigo 17 do Decreto 425/1993 ao entender que discriminaba as mariscadoras casadas con bateiros en réxime de bens gananciais
- Elimínase así a parte da normativa que impedía conxugar a actividade pesqueira e marisqueira con outras relacionadas coa explotación do mar, aínda que sempre no marco da Lei de pesca de Galicia

O Consello da Xunta deulle hoxe o seu visto e praxe ao proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira. De feito, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos considera necesario modificar a normativa actual ao entender que discriminaba, fundamentalmente, as mulleres casadas en réxime de bens gananciais con bateiros á hora de acceder á licenza que lles permite traballar, os permex.

Nesta dirección, o departamento autonómico acordou suprimir a alínea b) do artigo 17 do Decreto 425/1993, xa que lles impide aos titulares de concesións ou autorizacións administrativas para a explotación dos recursos mariños das zonas marítimas e marítimo-terrestres obter un permiso de explotación para o marisqueo a pé.

No entanto, na práctica, hai moitos mariscadores e mariscadoras que posúen esa titularidade por estaren casados en réxime de bens gananciais (é o caso das mulleres dos bateiros) ou porque a adquiriron mediante sucesión hereditaria. Coa supresión da alínea b) elimínase a discriminación que impedía conxugar a actividade pesqueira e marisqueira con outras relacionadas coa explotación do mar, aínda que sempre no marco da Lei de pesca de Galicia.

Ademais, dáselle unha nova redacción á alínea f) do artigo 17 para que se axuste aos termos empregados pola Lei xeral da Seguridade Social en materia de incapacidade, evitando así as dúbidas interpretativas que viña orixinando. Deste xeito, o proxecto de decreto establece como requisito para acceder ao permiso de explotación para o marisqueo a pé non ser perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia.



A XUNTA DESTINA MÁIS DE 1,6 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR O CHEQUE INFANTIL NO VINDEIRO CURSO

- O Consello da Xunta autorizou a publicación da orde pola que se regulan estas axudas económicas destinadas á atención de nenos e nenas de 0 a 3 anos nas escolas infantís non públicas
- A administración aboará entre 130 e 90 euros dependendo da modalidade da praza e ata 215 se inclúe comedor

A Xunta destinará 1.656.221 euros ao financiamento do cheque infantil para o vindeiro curso 07-08, segundo foi autorizado hoxe polo Goberno galego na súa xuntanza. Este orzamento será xestionado a través dunha orde pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia nas escolas infantís de cero a tres anos non sostidas con fondos públicos. Esta axuda consiste na cobertura parcial ou total do custo da praza adxudicada a un neno nunha escola infantil que non é pública.

Nas prazas ofertadas a través deste programa a persoa beneficiaria participará no pagamento da contía da praza segundo os prezos e tramos de renda fixados no réxime de prezos das escolas infantís dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Deste xeito, a administración aboará un custo máximo, segundo se establece na orde, de 130 euros ao mes para a praza ofertada durante un horario mínimo de 8 horas diarias, de 215 se inclúe comedor e 90 euros ao mes para a praza ofertada só en horario de tarde.

Para poder optar a esta subvención, o neno ten que ter nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 2004, ter tres meses na data do ingreso no centro, non ter obtido unha praza nunha escola pública, que a renda per cápita mensual da unidade familiar non supere 1.000 euros e que haxa prazas correspondentes ao grupo de idade do neno nos centros partícipes do programa. Co obxecto de lles dar continuidade ás prazas adxudicadas no curso 2006/2007 terán preferencia para a concesión das axudas as persoas con responsabilidade sobre nenos e nenas que no curso pasado se beneficiasen desta axuda económica.

As persoas interesadas en optar a estas axudas deberán presentar a súa solicitude no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia (DOG).



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR CONVOCARÁ OITO PRAZAS DE EDUCADORES-BOLSEIROS NO CENTRO DE ASISTENCIA E EDUCACIÓN ESPECIAL SANTIAGO APÓSTOLO DA CORUÑA

- O Goberno galego autorizou hoxe os gastos que regularán a orde pola que se convocarán estas prazas para o curso escolar 2007-2008
- O obxectivo é formar e capacitar os bolseiros en temas relacionados coas persoas con discapacidade intelectual e na atención ás persoas en situación de dependencia

O Consello da Xunta deulle o visto e prace á orde pola que se determinan as bases reguladoras da convocatoria de prazas de educadores-bolseiros para o centro de asistencia e educación especial Santiago Apóstolo da Coruña para o curso escolar 2007-2008. Trátase dunha iniciativa que a Xunta financiará con 10.160 euros.

Con esta iniciativa, o Goberno galego pretende formar e capacitar os bolseiros en temas relacionados coas persoas con discapacidade intelectual, e sobre todo, na promoción da autonomía persoal e na atención ás persoas en situación de dependencia. Os bolseiros gozarán de aloxamento e mantenza gratuítos no centro durante o vindeiro curso escolar, así como de axudas para sufragar os gastos ocasionados polo pagamento das matrículas académicas e do material escolar.

Unha vez que saia publicada a orde no Diario Oficial de Galicia, poderán participar na convocatoria as persoas que estean cursando ou teñan rematado os estudos superiores, medios, de formación profesional grao superior (FP2) e/ou técnicos superiores de formación profesional nunha facultade, colexio universitario ou escola técnica. Teñen que ter entre 18 e 28 anos, non ter gozado con anterioridade da condición de educador-bolseiro e non padecer enfermidade ou limitación física e psíquica que lles impida o normal desenvolvemento das actividades.

O prazo de presentación das solicitudes será de 45 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG. As persoas interesadas deberán presentar as solicitudes no rexistro da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Coruña, xunto coa documentación pertinente que se detallará na orde publicada no Diario Oficial de Galicia.



O GOBERNO GALEGO APROBA AS AXUDAS PARA O MANTEMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS CUN INVESTIMENTO GLOBAL DE 3,5 MILLÓNS DE EUROS

- O Consello da Xunta deu luz verde á convocatoria de subvencións dirixidas ás corporacións locais con esta finalidade
- Trátase dunha liña de axudas dirixida a sufragar os gastos derivados do funcionamento dos centros, no relativo aos gastos de persoal, alimentación e outros gastos xerais do mantemento das escolas infantís

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deulle o seu visto e prace á convocatoria por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, das subvencións para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes das corporacións locais. O importe global destinado a estas axudas ascende a 3.547.177 euros.

Esta subvención recolle unha liña de axuda dirixida a sufragar os gastos derivados do funcionamento dos centros, no relativo aos gastos de persoal, alimentación e outros gastos xerais do mantemento das escolas infantís.

No caso de non poder atender todas as solicitudes, na adxudicación primaranse as escolas pertencentes a concellos adheridos ao Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar, aqueles centros que obtivesen esta axuda en anos anteriores e aqueles centros que leven máis tempo funcionando desde a data da concesión do permiso de inicio de actividade.

Axilidade e aposta pola xestión pública

A contía anual das axudas estará en función do tipo de xestión, do número de unidades da escola infantil e da prestación do servizo de comedor. Con este mecanismo axilízase a xestión burocrática para os concellos en que ata antes de 2006 se establecían as contías en función do número de nenos atendidos. Por outra parte, primarase a xestión directa dos servizos sobre aqueles servizos prestados de forma indirecta a través de contratos de xestión de servizos públicos.

Para obter calquera dos dous tipos de axuda, será de obrigado cumprimento para as entidades locais solicitantes o proxecto educativo da escola infantil establecido segundo a estrutura que figura na orde de subvencións. As escolas tamén terán que comprometerse a lles adxudicar prazas con carácter urxente aos fillos de mulleres vítimas da violencia de xénero.

As entidades que queiran acollerse ás subvencións para a organización destas accións formativas terán un prazo para a presentación das súas solicitudes dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR INVESTIRÁ MÁIS DE 230.000 EUROS NA FINALIZACIÓN DAS OBRAS E NO EQUIPAMENTO DA ESCOLA INFANTIL DE VILA DE CRUCES

- O consello da Xunta autorizou, na súa reunión de hoxe, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e o Concello de Vila de Cruces
- Este novo centro pasa a formar parte da rede de escolas infantís que está a impulsar a Xunta e que implica a posta en marcha de 121 centros para nenos e nenas de entre 0 e 3 anos en Galicia

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta investirá un total de 232.270 euros na finalización das obras de construción da escola infantil de Vila de Cruces e no seu equipamento. O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión desta mañá, a sinatura do convenio de colaboración entre o Goberno galego e o Concello de Vila de Cruces

O orzamento para o remate das obras do centro e para o seu equipamento é de 290.337 euros, dos cales a Vicepresidencia asume o 80 por cento, cunha achega económica de 232.270 euros, mentres que o Concello achega o 20 por cento restante, que ascende a 58.067 euros.

Esta nova escola infantil pasará a formar parte da Rede de Galescolas que está a impulsar a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e que implica a posta en marcha de 121 centros de atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos en Galicia. Unha vez creado, e en virtude do convenio asinado, o centro pasará a integrarse no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dentro do que se establecerán os mecanismos precisos para darlle un marco xeral financeiro estable de cara ao futuro. Así, a Xunta de Galicia comprométese a achegar cada ano un máximo do 40% para o sostemento deste servizo, correspondéndolle un mínimo do 30% aos concellos e outro tanto aos usuarios.



A XUNTA E O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PORÁN EN MARCHA UNHA REDE DE EQUIPOS DE IGUALDADE E DE EDUCACIÓN FAMILIAR

- A rede de equipos que se porá en marcha estará composta de once de igualdade e un coordinador en toda Galicia. Haberá tamén once equipos de educación familiar e un coordinador en todo o territorio galego

A Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asinarán un convenio de colaboración para cooperar no desenvolvemento dunha rede de equipos de igualdade e de educación familiar. Así o autorizou esta mañá o Goberno galego na súa xuntanza semanal. Os equipos que se constituirán realizarán actuacións no marco dos plans integrais de apoio á familia e do plan de igualdade de oportunidades.

A rede de equipos de igualdade e de educación familiar que se porá en marcha estará composta de once equipos de igualdade e un equipo coordinador en toda Galicia, así como de once equipos de educación familiar e un equipo coordinador tamén en todo o territorio galego. En termos xerais, terán por finalidade a realización de actuacións específicas en materia de atención ás familias, de promoción da igualdade de oportunidades e de accións encamiñadas á eliminación da violencia de xénero. Estes grupos estarán presentes en todo o territorio galego, tentando así proporcionar os máximos recursos e garantir as mesmas oportunidades a todos os cidadáns con independencia do seu lugar de residencia.

A Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar quere así asegurar a cobertura territorial nas áreas rurais de Galicia, establecendo unha rede de equipos por demarcacións territoriais que traballen de maneira efectiva e coordinada baixo unha supervisión única (a dos equipos coordinadores).

Funcións

Estes equipos terán, entre outras funcións, as de difundir os servizos existentes, promover a sensibilización social sobre as políticas de igualdade, informar de axudas, cursos, formación e recursos, así como prestar asesoramento legal e psicolóxico, asesorar na xestión de axudas e traballar na realización de estudos sobre a situación das mulleres e das familias en Galicia. Os equipos de igualdade incidirán especialmente nas áreas de violencia de xénero e de promoción da igualdade.



POLÍTICA TERRITORIAL INVISTE 437.000 EUROS NA REURBANIZACIÓN DE TRES RÚAS DE ARZÚA NO CONTORNO DO CAMIÑO DE SANTIAGO

- O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a CPTOPT e o concello coruñés
- Esta actuación facilitará o desenvolvemento das actividades diarias e a comunicación tanto dos residentes como dos visitantes, e compatibilizará o seu carácter peonil co acceso puntual de vehículos

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 437.392,12 euros (300.000 este mesmo ano e o resto na anualidade correspondente a 2008) para acometer as obras de reurbanización das rúas das Dores, Calexa e do Convento no concello coruñés de Arzúa.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello para mellorar tres das rúas máis significativas do contorno do Camiño de Santiago ao seu paso por Arzúa. Nestas tres rúas consérvase un bo número de construcións tradicionais que manteñen o carácter da zona histórica da vila. Nos últimos anos, a falta dunhas directrices claras no tratamento deste espazo deu lugar a unha serie de actuacións de urbanización con criterios distintos que, independentemente da súa calidade, contribúen a unha lectura confusa da zona. Ademais, estas actuacións están a envellecer mal e resultan inadecuadas polos seus acabados e inaccesibilidade.

En xeral, considérase que tanto o Camiño de Santiago como o espazo público adxacente exixen un tratamento urbano de maior calidade espacial e material. Así, o correcto deseño e a calidade dos pavimentos garantirá unha maior duración destes que fará rendible o investimento. Ademais, faise necesario dotar a zona de todos os servizos urbanísticos básicos. Esta actuación facilitará o desenvolvemento das actividades diarias e a comunicación tanto dos residentes como dos visitantes, compatibilizando o seu carácter peonil co acceso puntual de vehículos.

Segundo o texto do convenio, o Concello de Arzúa deberá facilitar tanto os terreos como os permisos necesarios para realizar as obras e asumirá a súa titularidade e mantemento unha vez rematadas. Pola súa banda, a CPTOPT achegará os anteditos 437.000 euros e asumirá a contratación, a dirección e a recepción das obras que, unha vez rematadas, serán entregadas ao Concello de Arzúa.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de executar obras en contornos urbanos coa finalidade de adecuar espazos desde o punto de vista ambiental e urbanístico e, deste xeito, incrementar as dotacións e mellora das instalacións para uso cidadán.



POLÍTICA TERRITORIAL DESTINARÁ 768.000 EUROS PARA A REORDENACIÓN URBANÍSTICA DA ZONA DO CURRO VELLO EN GUITIRIZ

- O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello de Guitiriz co fin de levar a cabo esta actuación

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes achegará un total de 768.730 euros para realizar unhas obras de adecuación urbanística na zona do Curro Vello, en Guitiriz.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello de Guitiriz con fin de levar a cabo esta actuación, que inclúe a pavimentación de varias rúas nunha zona da trama urbana que constitúe o núcleo matriz da vila. As obras, ademais da renovación completa das instalacións urbanas, perseguen unha recualificación do espazo público mediante a utilización de materiais máis acordes co contorno, como é o pavimento de seixo enmarcado por faixas de granito de Parga.

A CPTOPT encárgase de financiar e executar as obras, mentres que o Concello de Guitiriz deberá poñer á disposición os terreos e xestionar os permisos necesarios.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de executar obras en contornos urbanos coa finalidade de adecuar espazos desde o punto de vista ambiental e urbanístico e, deste xeito, incrementar as dotacións e mellora das instalacións para uso cidadán.



POLÍTICA TERRITORIAL REMODELARÁ A ALAMEDA E O CAMPO DA FEIRA DE ENTRIMO POR 645.000 EUROS

- O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre este departamento autonómico e o concello ourensán
- As actuacións que se van acometer consisten, entre outras, na separación da circulación peonil do tráfico rodado, reposición dos pavimentos, mellora da iluminación, permeabilidade entre a Alameda e o Campo da Feira, mellora do palco da música e dotación de mobiliario urbano

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 645.750,14 euros (300.000 este mesmo ano e o resto na anualidade correspondente a 2008) para acometer unha intervención de mellora da Alameda e o Campo da Feira do concello ourensán de Entrimo.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello para mellorar estes espazos contiguos e próximos á propia Casa do Concello. No caso da Alameda, o seu magnífico patrimonio natural atópase mal acompañado dun pobre mobiliario urbano así como dunha iluminación deficiente. Ademais, este espazo está separado do edificio do Concello por unha vía que tamén se quere remodelar na que se asentaban os postos ambulantes do mercado mensual. Pola súa banda, o Campo da Feira presenta un pobre acabado que, incluso cunha actividade que declina co paso do tempo, deberíalles dar resposta ás necesidades da vila en mellores condicións ca as actuais.

As actuacións que se van acometer nestes espazos de Entrimo consisten, entre outras, na separación da circulación peonil do tráfico rodado, reposición dos pavimentos, mellora da iluminación, permeabilidade entre a Alameda e o Campo da Feira, mellora do palco de música e dotación de mobiliario urbano.

Segundo o texto do convenio autorizado polo Consello da Xunta, o Concello de Entrimo deberá facilitar tanto os terreos como os permisos necesarios para realizar as obras e asumirá a súa titularidade e mantemento unha vez rematadas. Pola súa banda, a CPTOPT achegará os anteditos 645.000 euros e asumirá a contratación, dirección e recepción das obras que, unha vez rematadas, serán entregadas ao Concello de Entrimo.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de executar obras en contornos urbanos coa finalidade de adecuar espazos desde o punto de vista ambiental e urbanístico e, deste xeito, incrementar as dotacións e mellorar as instalacións para uso cidadán.



EDUCACIÓN INVISTE EN 2007 MÁIS DE 10 MILLÓNS DE EUROS NA ADQUISICIÓN DE ORDENADORES DESTINADOS AOS CENTROS GALEGOS

- Poranse á disposición dos colexios galegos un total de 9.066 ordenadores
- Un dos obxectivos prioritarios é dar un salto cualitativo e cuantitativo importante na implantación e fomento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) nas aulas
- Esta actuación comezou en 2006 coa distribución nos centros educativos de máis de 15.000 PC
- Nos últimos dous anos, 20.000 familias de renda baixa recibiron axudas do Goberno galego para mercar un ordenador

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun contrato de subministración de ordenadores persoais e monitores TFT/LCD para os centros de ensinanza non universitaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A Administración educativa investirá un total de 7.500.150 euros na adquisición de 7.143 ordenadores persoais sen monitor, cun prezo unitario máximo de 850 euros; e doutros 7.143 monitores TFT/LCD, para os cales se establece un prezo unitario máximo de 200 euros.

Ademais, a Consellería de Educación destinará en 2007 un total de 2.499.900 euros para dotar os centros galegos de 1.923 ordenadores portátiles, dun prezo unitario máximo de 1.300 euros. Así, a Administración educativa inviste este ano 10.000.050 euros na adquisición de material informático destinado aos centros de ensino da Comunidade.

Un dos obxectivos prioritarios da Consellería de Educación é dar un salto cualitativo e cuantitativo importante na implantación e fomento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) nas aulas, para o que é condición indispensable dotar os centros educativos de ordenadores persoais e monitores suficientes, de xeito que os obxectivos curriculares e o acceso ás novas tecnoloxías se fagan realidade.

O anuncio de licitación do concurso polo importe de 7,5 millóns de euros será publicado no Diario Oficial de las Comunidades Europeas, no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia; e poderán tomar parte na licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica. Para efectos de que as empresas licitadoras poidan presentar as súas mellores propostas deberán ter en conta os acordos alcanzados polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC), Red.es ou a Xunta de Galicia no referente ás licencias de software.



O sistema de adxudicación do contrato realizarase polo procedemento aberto mediante a forma de concurso, e non se admitirá a presentación de variantes ou alternativas.

Acción iniciada en 2006

Esta actuación iniciouse en 2006 coa distribución aos centros educativos de 12.500 PC, 2.900 portátiles, 1.000 vídeo-proxectores, 1.000 impresoras e 308 encerados dixitais. A Administración educativa destinou un total de 16 millóns de euros para dotar os centros educativos de equipamentos informáticos, dos cales 9 millóns foron achegados pola Consellería de Educación e os 7 millóns restantes pola entidade Red.es. En concreto, resultaron beneficiados desta acción 267 institutos de educación secundaria (IES), 69 centros públicos integrados (CPI), 670 colexios de educación infantil e primaria (CEIP), 246 escolas unitarias, 25 colexios rurais agrupados (CRA), 14 centros de educación especial (CEE), 5 escolas de arte, 10 escolas oficiais de idiomas, 10 conservatorios de música e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, con sede en Vigo.

Ao mesmo tempo, a Administración educativa galega está a prestarlle unha especial atención á instalación de redes de voz e datos nos centros educativos para posibilitarlles a súa conexión a internet de alta velocidade.

Ademais, a Consellería de Educación instalou un total de oito telecentros noutros tantos centros educativos repartidos polas catro provincias galegas que teñen como finalidade impulsar a participación das familias no proceso educativo a través das novas tecnoloxías. Os telecentros sitúanse nas zonas do rural ou afastadas dos núcleos urbanos con maior acceso ás novas tecnoloxías, co fin de equilibrar as desigualdades no acceso á formación destas áreas e proporcionar tecnoloxía WIFI, sen que sexa necesaria a conexión por cable. Ao mesmo tempo, a Administración educativa galega instalou pupitres electrónicos noutros dez centros galegos destinados ao alumnado de educación infantil. Ambas as dúas iniciativas estanse desenvolvendo tamén este curso 2006/07.

Paralelamente, o departamento educativo autonómico desenvolve accións de formación dirixidas ao profesorado centradas na realización de cursos a distancia (que contaron con máis de 600 participantes); introdución ao manexo de ordenadores; informática musical; aplicación dos programas de uso gratuíto; uso didáctico dos novos medios; elaboración de páxinas web; elaboración de materiais didácticos multimedia ou internet como recurso didáctico; e realización de seminarios permanentes, proxectos de formación en centros, etc.



20.000 axudas para mercar ordenadores

Dentro do obxectivo da Administración educativa de cara a fomentar o uso das novas tecnoloxías entre o alumnado, este departamento convocou en dous anos un total de 20.000 axudas destinadas a familias de baixa renda para facilitar a compra dun ordenador. Así, a Consellería de Educación investiu 6 millóns de euros nesta iniciativa en 2006 e 2007.

A competencia dixital constitúe unha das claves para a aprendizaxe ao longo da vida, así como un dos piares sobre o que se constrúen o resto de competencias que permiten a realización persoal, a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO COLABORARÁN NA REALIZACIÓN DUN ESTUDO SOBRE OS CUSTOS NON ASEGURADOS DOS ACCIDENTES DE TRABALLO NA MINARÍA GALEGA

- O departamento autonómico achegará 72.000 euros para a realización do proxecto
- A avaliación económica da accidentalidade nas empresas ten como propósito coñecer o custo económico dos accidentes de traballo a través da análise de todas as variables que teñen unha repercusión económica na empresa

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Vigo para a realización dun estudo sobre os custos non asegurados dos accidentes de traballo na minaría galega. O custo do proxecto será asumido pola Consellería, que destinará a este un total de 72.000 euros en dúas anualidades.

Este estudo enmárcase no protocolo de colaboración asinado en 2003 por ambas as dúas institucións para o fomento do desenvolvemento científico e tecnolóxico no sector da minaría e que xa establecía a realización de actividades conxuntas en todo tipo de proxectos sobre o sector de interese común.

Concretamente con este proxecto preténdese avaliar os custos de non prevención (indirectos) dunha mostra representativa de empresas da industria extractiva e de transformación de substancias minerais de Galicia durante os últimos anos, así como a elaboración dun programa informático que sirva de ferramenta complementaria ao futuro Servizo de Prevención Mancomunado, co fin de valorar os custos da non prevención e a súa evolución no tempo. A avaliación económica da accidentalidade nas empresas ten como propósito coñecer o custo económico dos accidentes de traballo a través da análise de todas as variables que teñen unha repercusión económica na empresa. Unha vez alcanzado este obxectivo, realizarase un estudo do custo-beneficio da prevención, o cal permitirá calcular a rendibilidade das medidas adoptadas.



A XUNTA E A ASOCIACIÓN DE ENXEÑEIROS DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA COLABORARÁN NO SEGUIMENTO DA EXTENSIÓN DA BANDA LARGA NA COMUNIDADE

- Innovación e Industria achegará 215.144,28 euros para facer seguimento da extensión da banda larga en 2007

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Innovación e Industria e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) para o seguimento da extensión da banda larga en 2007 en Galicia. A Consellería achegará 215.144,28 euros para este convenio, que se encadra no acordo marco de colaboración entre o departamento autonómico e a Asociación de Enxeñeiros para realizar o seguimento.

En virtude do convenio, a AETG realizará o seguimento dos plans de extensión de banda larga que están executando actualmente en Galicia os operadores R Cable e Telecomunicaciones Galicia, S.A, amais de colaborar, se se lle demanda, no plan de extensión de banda larga que está a desenvolver Telefónica. A AETG tamén colaborará no grupo de traballo creado pola Consellería de Innovación e Industria para dar asesoramento do despregamento da banda larga, grupo que definirá a metodoloxía de traballo que se seguirá para garantir que os obxectivos establecidos se cumpran dentro do prazo previsto.

A Asociación elaborará tres informes en que se especifique o cumprimento dos prazos, a tecnoloxía e o equipamento empregado para dar o servizo, as medidas de cobertura, a capacidade e a escalabilidade da solución empregada. Estes informes conterán a información relevante recollida e agregada de forma que permita unha análise de alto nivel do despregamento contrastando este co planificado.

Outras das actuacións que prevé este convenio son o desenvolvemento dun sistema de medición automatizada para comprobación da calidade do servizo prestado polas distintas operadoras; un estudo da dispoñibilidade da banda larga nos polígonos industriais de Galicia; un proxecto tipo de redes de telecomunicacións para áreas industriais e polígonos empresariais que poderá servir como referencia para as fases de deseño de novos polígonos; e actividades de difusión dos datos acadados na execución das anteriores actuacións, como unha xornada divulgativa.



O GOBERNO GALEGO AMPLIARÁ A COLABORACIÓN COAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS PARA AVANZAR NA INVESTIGACIÓN AS VÍTIMAS, OS NOMES, AS VOCES E OS LUGARES

- Este proxecto, ao cal Cultura destinará 211.000 euros, pretende poñer en valor a memoria histórica
- Entre as actuacións que se recollen está a análise, o baleirado e a incorporación á base de datos da información obtida en arquivos, rexistros, fichas sanitarias e fontes orais

A Consellería de Cultura e Deporte destinará 211.000 euros á segunda fase do programa de investigación sobre a represión en Galicia As vítimas, os nomes, as voces e os lugares. A sinatura de ampliación do convenio en que participan as tres universidades galegas foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

No marco deste convenio, a Xunta aboaralle á Universidade de Vigo a cantidade de 211.000 euros para o desenvolvemento da segunda fase do proxecto sobre a memoria histórica que ten por obxectivo continuar cos traballos de arquivo, entrevistas e difusión. Entre as actuacións que se recollen está a análise, baleirado e incorporación á base de datos da información obtida en arquivos, rexistros, fichas sanitarias e fontes orais; a realización de entrevistas sobre a memoria transmitida; o tratamento informático dos fondos documentais e a posta en valor do programa coa organización de xornadas e publicacións.

Para a realización da segunda fase do convenio as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña teñen como prazo o 30 de novembro deste ano. Os traballos do programa de investigación serán realizados por un equipo de investigación dirixido polo profesor Lourenzo Fernández Prieto do Departamento de Historia Contemporánea e de América da USC e contarase cunha Comisión Mixta de Seguimento formada por representantes de cada unha das institucións.

Cultura colabora neste proxecto a través da Dirección Xeral de Patrimonio e Difusión Cultural, co fin de traballar na recuperación da memoria histórica e garantir así que as voces dos represaliados polo franquismo se sigan escoitando e sirvan de exemplo ás novas xeracións de galegos. Tanto o departamento autonómico como as tres universidades galegas consideraron esencial establecer accións conxuntas que permitiran unha investigación histórica sobre a represión en Galicia, intención que se materializou no programa As vítimas, os nomes, as voces e os lugares.



As axudas de Cultura ascenden a 422.000 euros desde o ano pasado. En total as achegas da Consellería de Cultura ao proxecto de investigación ascenden a máis de 422.000 euros, xa que o pasado ano destináronse case 212.000 euros. Está previsto que o programa continúe ata o 2008 cando se peche o labor dos investigadores. O resultado deste traballo será accesible ao persoal investigador e ao público en xeral porque co material obtido crearase unha base de datos que se poderá consultar a través das novas tecnoloxías. A estes fondos engadiranse coleccións de imaxes, audiovisuais e documentos inéditos como diarios de represaliados.



A XUNTA PORÁ EN VALOR O CASTRO DE SAN CIBRAO DE LAS, NA PROVINCIA DE OURENSE, PROMOVEDO A SÚA INTEGRACIÓN NA REDE GALEGA DE PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

- Trátase dunha acción para mellorar a conservación e promoción do patrimonio cultural galego de natureza arqueolóxica

A Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de San Amaro (Ourense) asinarán un convenio para a cesión e libre dispoñibilidade dos terreos para a posta en valor do conxunto arqueolóxico e a construción do Centro de Interpretación Arqueolóxica da Cultura Castrexa.

Cos terreos cedidos, a Consellería de Cultura poderá poñer en valor o castro de San Cibrao de Las, integrándoo na Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico.

Trátase dunha acción para mellorar a conservación e promoción do patrimonio cultural galego de natureza arqueolóxica.



SANIDADE DESTINA 2.570.000 EUROS PARA A FORMACIÓN A TRAVÉS DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN SANITARIA

- A través deste convenio desenvolveranse distintas actuacións dirixidas á docencia, á formación, á investigación en administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, e saúde pública, e asistencia sanitaria
- Este convenio inclúe inicialmente 272 actividades formativas, e establece as liñas para a execución do Plan de formación e reciclaxe profesional, o Plan de formación continua, e o Plan para a calidade na prescrición para médicos
- A Escola Galega de Administración Sanitaria dirixe a súa actividade tanto aos profesionais da Sanidade galega como a aqueloutros interesados no desenvolvemento sanitario de Galicia

A Sanidade Pública Galega destina un total de 2.570.000 euros para a formación a través da Escola Galega de Administración Sanitaria. Así, o Consello da Xunta autorizou o convenio entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Escola Galega de Administración Sanitaria para desenvolver unha serie de actividades nas áreas de docencia, formación, investigación en administración e xestión sanitaria, sociosanitaria e saúde pública, e asistencia sanitaria.

Este convenio inclúe inicialmente 272 actividades formativas, e establécense as liñas para a execución do Plan de formación e reciclaxe profesional, o Plan de formación continua, e o Plan para a calidade na prescrición para médicos. As actuacións que recolle este convenio responden a un carácter formativo, de execución de actividade relacionada coa investigación sanitaria, de avaliación de tecnoloxías sanitarias, e de acreditación de formación continua, sen prexuízo da realización doutras actividades que se poidan concretar no ámbito deste convenio.

A Escola Galega de Administración Sanitaria dirixe a súa actividade tanto aos profesionais da sanidade galega como a aqueloutros interesados no desenvolvemento sanitario de Galicia. Este centro de formación -que dirixe Berta Rivera Castiñeira- axustará a súa actividade aos fins de interese xeral, desenvolvendo a función de programación e execución dos programas de docencia e formación. Todas as actividades se desenvolverá con suxeición aos criterios de planificación e ás directrices de carácter xeral emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.



SANIDADE COLABORA CON ONG NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES PREVENTIVAS DO VIH/SIDA E OUTRAS ENFERMIDADES TRANSMISIBLES

- O Consello da Xunta autorizou a sinatura de diferentes convenios con este fin, ao cal destinará un total de 363.000 euros

O Consello da Xunta de Galicia de hoxe autorizou diversos convenios de colaboración entre a Consellería de Sanidade e as organizacións non gobernamentais: Alecrín, Ecos do Sur, Cruz Vermella de Galicia, e Médicos do Mundo, para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa prevención do VIH/SIDA e outras infeccións de transmisión sexual, por un importe total, destinado pola Administración sanitaria galega, de máis de 363.000 euros.

O convenio con Alecrín, por un importe total de 189.000 euros, distribuídos en dúas anualidades, destínase ao desenvolvemento de actividades relacionadas coa prevención do VIH/SIDA e outras enfermidades de transmisión sexual, a tuberculose e outras enfermidades transmisibles, en mulleres dedicadas á prostitución.

O convenio con Ecos do Sur, por un importe total de 62.930 euros, distribuídos en dúas anualidades, ten como fin o desenvolvemento de actividades relacionadas coa prevención e control de enfermidades transmisibles.

Polo que atinxe ao convenio entre Sanidade e a Cruz Vermella de Galicia, por un importe total de 64.960 euros, distribuídos en dúas anualidades, o seu obxecto é incrementar na Comunidade Autónoma a cobertura do Plan de prevención do VIH/SIDA e do Programa Galego de Prevención e Control da Tuberculose, así como do Programa de Vacinacións, nas persoas usuarias dos diferentes programas con que conta a Cruz Vermella (inmigrantes, prostitución, persoas sen fogar, entre outros).

Por último, o convenio que se establece entre o departamento que dirixe María José Rubio Vidal e Médicos do Mundo, por un importe total de 46.500 euros, distribuídos en dúas anualidades, pretende desenvolver actividades relacionadas coa prevención do VIH/SIDA, doutras infeccións de transmisión sexual e da tuberculose.



MEDIO AMBIENTE ASUME A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA DEPURADORA DE PONTEVEDRA PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DE TODAS AS SÚAS INSTALACIÓNS

- A asunción da planta por parte da administración hidráulica permitirá unha explotación íntegra e conxunta de todas as infraestruturas da Edar dos Praceres
- Esta actuación contribuirá a mellorar a calidade das augas da ría de Pontevedra, que foi declarada zona sensible a efectos do tratamento de augas residuais e incluída no Plan de saneamento de Galicia 2000-2015
- A empresa pública asumirá a xestión e o correspondente financiamento das instalacións construídas e vinculadas á depuradora, o que terá un custo 6.754.357 euros.

A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) asumirá a xestión e explotación da estación de augas residuais (Edar) dos Praceres, na cidade de Pontevedra. Así se recolle nun convenio que subscribirán a propia administración hidráulica, a Consellería de Medio Ambiente e o Concello pontevedrés, cuxa sinatura autorizou hoxe o Consello da Xunta.

Con esta medida, perséguese acadar unha explotación íntegra e conxunta de todas as instalacións con que conta a planta, que foi construída en dúas fases. A primeira, concluíu en 1993 e as súas instalacións están actualmente xestionadas polo Concello de Pontevedra a través dun concesionario, a empresa Aquagest. A segunda fase da depuradora, consistente na súa ampliación, está rematada desde o ano 2005, pero non chegou a entrar en funcionamento. Por iso, a asunción da xestión da depuradora contribuirá a mellorar a calidade das augas da ría de Pontevedra, que foi declarada zona sensible a efectos do tratamento de augas residuais e incluída no Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015.

Así, a sinatura deste acordo implicará que o Concello de Pontevedra cederá á Eposh o contrato de xestión indirecta do servizo de depuración das augas residuais da Edar dos Praceres, cuxo concesionario é a empresa a Aquagest. Pola súa banda, a empresa pública asumirá a xestión e o correspondente financiamento das instalacións construídas e vinculadas á depuradora. O custo derivado desta actuación ascende a 6.754.357 euros polo prazo que resta para o remate da concesión do servizo da depuración ao seu actual concesionario, que conclúe en febreiro de 2017. A contía repartirase do seguinte xeito: 461.080,38 euros este ano; de 2008 a 2016, 686.915,65 euros cada exercicio; e 111.035 euros en 2017.



A AUTOMATIZACIÓN DA PLANTA DE CLASIFICACIÓN DE ENVASES LIXEIROS DE SOGAMA PERMITIRÁ RECUPERAR 9.500 TONELADAS DE ENVASES AO ANO

- A Xunta autoriza a contratación dun novo sistema de automatización, mantemento e limpeza da planta de clasificación de envases lixeiros que suporá un investimento total de 22.764.377 euros
- Esta mellora tecnolóxica permitirá elevar a eficiencia da planta ata o 60%, recuperando 3.300 toneladas máis de envases ao ano

O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento de 22.764.377 euros para a contratación da automatización da planta de clasificación de envases lixeiros do complexo ambiental de Sogama. A mellora tecnolóxica da planta de Cerceda elevará a súa eficiencia ata o 60%, xa que permitirá recuperar 9.500 toneladas de envases lixeiros ao ano, o que supón 3.300 toneladas máis que na actualidade.

O proxecto suporá a instalación dun sistema automático de clasificación de envases lixeiros na planta existente no complexo medioambiental de Sogama, que actualmente procesa 15.800 toneladas anuais, das cales recupera, para a súa posterior reciclaxe, ao redor de 6.200. A automatización do proceso permitirá a recuperación de 9.500 toneladas ao ano, incrementando de xeito moi considerable a eficiencia da planta.

O financiamento do proxecto realizarase en once anualidades, desde este ano e ata o 2017, con cargo aos orzamentos de Sogama. Do orzamento total, 3 millóns de euros corresponden á execución da automatización e o resto á contratación e explotación ata 2017, que incluírá a operación, mantemento e limpeza da planta de clasificación de envases lixeiros, incluíndose os equipos, fabricación, subministración de materiais, probas e posta en marcha do conxunto, así como os equipos necesarios para transportar o rexeito desde a planta de clasificación ata o seu punto de destino.

Reorientación política da xestión

A automatización da planta de clasificación de envases lixeiros de Sogama reflicte a firme aposta do Goberno galego pola redución dos residuos e pola reciclaxe, o que demostra unha reorientación na política da xestión de residuos en Galicia. Este é o motivo de que, desde a Consellería de Medio Ambiente e Sogama se faga unha aposta pola modernización das instalacións de Cerceda, co fin de lograr unha maior eficiencia no funcionamento da planta e na recollida selectiva.



Outro dos exemplos desta reorientación na xestión dos residuos é a aposta firme pola compostaxe para a produción de fertilizante a partir dos residuos orgánicos. Douscentos veciños dos concellos ourensáns de Ribadavia, Carballeda de Avia, O Carballiño e Piñor están a participar nunha experiencia piloto promovida pola Consellería de Medio Ambiente, que permitirá o aproveitamento dos residuos orgánicos. O obxectivo é que esta iniciativa se estenda ao resto das provincias, xa que a compostaxe contribúe á mellora da recollida selectiva no seu conxunto.

Datos da reciclaxe

As políticas de fomento da redución de residuos contribuíron nos últimos anos a incrementar a porcentaxe da reciclaxe en Galicia. Así, o material máis reciclado é o vidro, do que se recuperan ao ano 32.195 toneladas, o 45,39%. A reciclaxe de pilas ao ano é de 219 toneladas, o 43,8%, mentres que o de papel ascende a 29.859 toneladas, o 9,83%. Pola súa parte, os envases que se reciclan en toda a comunidade galega ascenden a 34.374 toneladas, o 13,36%.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 465.000 EUROS NA MELLORA E DOTACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO EN NÚCLEOS RURAIS E O CASCO URBANO DE ALLARIZ (OURENSE)

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), vai mellorar a rede de saneamento do Concello de Allariz e dotar deste servizo varios núcleos rurais da localidade ourensá. Así se recolle no acordo aprobado hoxe no Consello da Xunta, que autorizou o investimento por parte da administración hidráulica de 465.523 euros nesta actuación.

O proxecto prevé a dotación de servizo de saneamento aos núcleos da Torre de Santa Baia, O Souto, A Pousada-Taín e Turzás, na zona rural; así como a renovación da rede existente desde Portovello, por ambas marxes ata Estación de Augas Residuais (Edar) no centro urbano. As obras, que contan cun prazo de execución de 4 meses e serán financiadas na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente a través da Eposh, permitirán mellorar a calidade de vida e condicións ambientais dos habitantes dos núcleos onde se executarán.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE MALPICA

- Este parque, desenvolvido pola sociedade Suelo Industrial del Atlántico (SEA), ten unha superficie total de 54.979 metros cadrados
- Terá 20 parcelas cunha superficie de entre 1.000 e 5.500 metros cadrados de extensión
- Contará cun acceso desde a estrada local AC-420 a través dunha intersección de nova creación
- O investimento previsto para a execución das obras de urbanización ascende a 1.745.000 euros e o prazo de construción estímase en dous anos

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Malpica, que contará cunha superficie de 54.979 metros cadrados. Este parque é desenvolvido pola sociedade Suelo Empresarial del Atlántico (SEA) na que a Consellería participa nun 15 por cento.

Coa aprobación definitiva do proxecto sectorial remata a tramitación administrativa deste parque, polo que o seguinte paso será o inicio do expediente de expropiación do 10% dos terreos necesarios para completar o ámbito de actuación. O resto dos terreos adquirese por mutuo acordo cos propietarios.

O parque empresarial de Malpica terá unha superficie total de 54.979 metros cadrados, dos que 30.989 metros cadrados serán de uso industrial e comercial, 9.171 metros cadrados de equipamentos e espazos libres e 14.819 metros cadrados de vías e infraestruturas. Este parque terá 20 parcelas cunha superficie de entre 1.000 e 5.500 metros cadrados de extensión.

Este parque terá acceso desde a estrada local AC-420 a través dunha intersección de nova creación. Esta estrada conecta o ámbito de actuación co porto de Malpica e Buño. O investimento previsto para a execución das obras de urbanización ascende a 1.745.000 euros e o prazo de construción estímase en dous anos.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE CERDEDO COLABORARÁN NA URBANIZACIÓN DA RÚA DAS LONGAS CUN INVESTIMENTO DE 334.335 EUROS

- A Consellería financia o 80% das obras previstas cunha partida de 267.468 euros
- A actuación consistirá na pavimentación da rúa creando un espazo público dotado de zonas axardinadas, iluminación pública e mobiliario urbano

A Consellería de Vivenda e Solo inviste 267.468 euros na mellora e urbanización da rúa das Longas no concello de Cerdedo. Esta actuación quedará reflectida na sinatura dun convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello da Xunta entre o departamento autonómico e o Concello.

As obras de toda a actuación supoñen un investimento total de 334.335 euros, dos cales a Consellería de Vivenda e Solo achega o 80%. As obras consistirán na pavimentación da rúa, creando un espazo público para o disfrute dos veciños, que se dotará con zonas axardinadas, iluminación pública e mobiliario urbano.

Esta actuación enmárcase dentro do obxectivo da Consellería de Vivenda e Solo para a renovación e recuperación urbana nos centros históricos ou noutros tecidos urbanos degradados, creando espazos públicos de calidade que melloren os contornos residenciais e a calidade de vida dos veciños.



A XUNTA INTERVIRÁ DE EMERXENCIA NO EDIFICIO ANEXO AO MOSTEIRO DE SAN CLODIO PARA EVITAR O SEU DERRUBAMENTO

- A Consellería de Innovación e Industria comunicoulle ao Consello da Xunta a declaración de emerxencia das obras
- As actuacións consolidarán parcialmente os muros e a bóveda do edificio anexo ao mosteiro e teñen un orzamento de 151.141,43 euros

A Consellería de Innovación e Industria está a executar actuacións de consolidación parcial dos muros e na bóveda do edificio anexo ao mosteiro de San Clodio, no concello de Leiro (Ourense), ante a situación de deterioración en que se atopa o edificio e ante o risco de novos derrubamentos logo de caer xa parte dun dos muros.

Innovación e Industria comunicoulle ao Consello da Xunta a declaración de emerxencia destas obras, que corraxirá a situación de perigo que crea a deterioración do predio tanto para as persoas como para a vivenda lindante, amais de previr unha posible destrución irreparable nas bóvedas.

O investimento das obras ascende a 151.151,43 euros, que permitirán consolidar o edificio antes da realización dun proxecto máis amplo de restauración integral, de tal xeito que se procure a conservación do patrimonio histórico-artístico de Galicia ao tempo que ese patrimonio é valorizado desde o punto de vista turístico.